

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre

1 Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que ten por finalidade, entre outras, a preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.

De acordo cos apartados b) e d) do artigo 3.3. da citada Lei 9/2010, constitúen obxectivos medioambientais da entidade pública: previr o deterioro do estado de todas as masas de auga, superficiais, subterráneas e das zonas protexidas e, no seu caso, restauralas co obxecto de conseguir o seu bo estado ecolóxico e compatibilizar a xestión dos recursos naturais coa salvagarda da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.

2 As características ambientais e paisaxísticas do río Mero, o seu patrimonio hidráulico (presas de pedra, pontes, muíños), o seu enorme interese ecolóxico pola biodiversidade que proporciona ao entorno, fan que as partes consideren necesario colaborar para manter o entorno fluvial nun adecuado nivel de conservación.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Cambre o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018.

4 O obxecto do convenio de colaboración é establecer as condicións da colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Cambre, respecto aos traballos de acondicionamento, mantemento e conservación nas zonas de afección e no entorno do río Mero ao seu paso polo concello de Cambre.

5 Augas de Galicia contribuirá na execución das actuacións obxecto do convenio cunha achega máxima de corenta mil euros (40.000,00 €) que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvención de capital á corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2018.

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, recolle entre os principios reitores do exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de augas, o de contribución á preservación e



mellora do medio ambiente e, en particular dos ecosistemas acuáticos, constituíndo un obxectivo primordial en materia de auga o de previr o deterioro do estado de todas as masas de auga coa finalidade de acadar o bo estado ecolóxico das mesmas.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

Sínálase para os efectos do disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que o Concello de Cambre cumpriu co seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez
(*asinado dixitalmente*)

